

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### FENE

##### Secretaría

*Aprobación definitiva regulamento municipal para a organización e celebración de acollementos civís*

##### ANUNCIO

Elevado a definitivo, por non se presentar reclamacións o acordo plenario de data 02.05.2013, de aprobación inicial do Regulamento municipal para a organización e celebración de acollementos civís no Concello de Fene, de acordo co disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, procédese á publicación do texto íntegro da citada Ordenanza, unha vez transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 LBRL.

Por tratarse dunha disposición normativa de carácter xeral, non procede recurso en vía administrativa, se ben poderá impugnarse directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses contados dende o día seguinte ao da publicación desta disposición no Boletín Oficial da Provincia, e deberá presentarse ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, isto de conformidade co previsto no artigo 10.1.b) da Lei 29/1988, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

#### REGULAMENTO MUNICIPAL PARA A ORGANIZACIÓN E CELEBRACIÓN DE "ACOLLEMENTOS CIVÍS" NO CONCELLO DE FENE

No pasado ano 2009 cumpríronse 50 anos da Declaración Universal dos Dereitos do Neno/a e 20 anos da Convención de Dereitos do Neno/a, ámbalas dúas aprobadas pola Asemblea Xeral de Nacións Unidas. Nestes documentos conságranse unha serie de dereitos de carácter universal, indivisible e interdependente, incumbindo a todos os poderes públicos a responsabilidade de garantilos. Pero o recoñecemento dos mesmos, así como os mecanismos que permiten a súa aplicación e protección resultan aínda insuficientes, nomeadamente no relativo aos dereitos sociais, económicos e culturais. A vida actual esixe precisar mellor certos dereitos e impón o recoñecemento doutros novos, como o respecto polo medio ambiente, a garantía dunha alimentación saudable, da tranquilidade, das posibilidades de intercambio e lecer, etc. Neste contexto, o municipio amósase como o espazo político e social máis axeitado para facer fronte ás demandas dos máis cativos e cativas, por ser a administración pública máis próxima a eles/as.

É así como o concello de Fene leva xa moitos anos fomentando, por todos os medios dos que dispón, o respecto da dignidade de todos os nenos e nenas e a calidade de vida dos que habitan no termo municipal, creando as condicións precisas para que poidan gozar da súa infancia. No respecto da liberdade de elección nos ámbitos educativo, relixioso, cultural e político, o concello vén adoptando medidas para protexer á infancia e fomentar a educación sobre bases de democracia, tolerancia e a posibilidade de plena participación na vida municipal.

Os 'acollementos civís' ou 'actos de benvida á comunidade' dos nenos e nenas de Fene institucionalizan o compromiso do concello cos seus dereitos, que son símbolo do progreso da humanidade, e en particular coa Declaración Universal dos dereitos do neno de 1959 e coa Convención sobre os dereitos do neno de 1989. Neste contexto, o acollemento civil é un acto de natureza civil e laica que ten por finalidade a presentación dos nenos e nenas á sociedade, coa pretensión de que se sintan integrados e integradas na comunidade e partícipes de dereitos, liberdades e deberes que a todos/as atinxen. Con esta cerimonia preténdese iniciar aos nenos e nenas do municipio no longo camiño das actitudes cívicas, que lles conduzan a un porvir pacífico baseado nos valores indivisibles e universais da dignidade humana, a liberdade, a igualdade e a solidariedade. Este obxectivo maniféstase no compromiso dos pais e nais ou representantes legais, xunto cos padriños, con estes valores, para que os cativos e cativas se convertan en cidadáns e cidadás libres e iguais en dereitos e deberes.

##### Artigo 1.- Obxecto.

Constitúe o obxecto do presente documento a regulación da organización do acto social denominado 'acollemento civil' ou 'acto de benvida á comunidade', en virtude do cal, o concello fai público un recoñecemento de acollida ao neno ou nena que naceu e/ou que vive en Fene, e se compromete, xunto coa súa familia, a velar pola súa educación e a defender e garantir os seus dereitos.

**Artigo 2.- Finalidade.**

O acollemento civil non produce efectos legais nin presupón privilexio ningún ou preferencia do neno ou nena acollido no acceso aos servizos municipais. Estes actos de benvida á comunidade reafirman o compromiso do municipio por avanzar cara unha sociedade máis libre, xusta e democrática, na que os dereitos dos nenos e nenas gocen dunha protección preferente.

**Artigo 3.- Suxeitos.**

Este acto social está dirixido aos nenos e nenas do concello de Fene.

**Artigo 4.- Requisitos.**

- a. Estar empadroado no concello de Fene.
- b. Non ter unha idade superior a cinco (05) anos.
- c. Consentimento dos representantes legais do menor.

**Artigo 5.- Procedemento.**

Presentación dunha instancia no Rexistro do concello conforme ao modelo do anexo I, solicitando a participación no acto social, asinada pola persoa representante legal do/da menor, achegando unha fotocopia dos documentos nacionais de identidade e do libro de familia/documento acreditativo da dita representación legal. A acreditación dos datos de empadramento farase de oficio polos servizos municipais.

Se a instancia non reunirá todos os requisitos, o concello outorgará aos solicitantes un prazo de dez días para corrixir a súa solicitude, advertindo de que, no caso de non atender a dito requirimento, teráselles por desistidos da mesma, procedéndose ao arquivo da mesma segundo ao establecido no artigo 71 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

De estar completa tramitarase a petición, comunicándose no termo dun mes á persoa solicitante o día e o lugar de celebración do acto. Os pais/nais poderán designar dúas persoas como máximo que actuarán como padriño/madríña na cerimonia, asumindo os mesmos compromisos que aqueles en canto a formación do neno ou nena nos principios e valores democráticos, e debendo velar polo respecto dos seus dereitos.

**Artigo 6.- Celebración.**

No acto de celebración, que terá lugar en calquera dos edificios municipais habitualmente utilizados para a celebración de cerimonias, será presidido e oficiado polo alcalde/sa ou concelleiro/a en quen delegue.

Procederáse á lectura ao neno/a e aos seus representantes legais e padriños dos artigos 6, 12 e 27 da Declaración dos dereitos do Neno/a proclamada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas na súa resolución 1386 (XIV), de 20 de novembro de 1959.

Tamén se dará lectura do do artigo 27 da Constitución Española de 1978.

Os representantes legais e padriños formularán compromiso de educalo/a segundo os principios que se recollen nese texto e nas demais normas vixentes no estado español.

Ao final do acto, a persoa oficiante da cerimonia fará a entrega ao neno ou nena dunha Carta de Cidadanía.

Os actos poderán ser individuais ou colectivos, podendo asistir os familiares e amigos/as do neno ou nena, coas únicas limitacións que imponha o aforo da sala ou espazo no que se realice a cerimonia.

A persoa oficiante levantará acta, que será asinada por el/ela mesmo/a, polos representantes legais do neno ou nena e, no seu caso, polos padriños.

**Artigo 7.- Rexistro.**

Os acollementos civís celebrados conforme ao establecido neste regulamento serán inscritos de oficio pola Administración municipal nun libro-rexistro que se rexerá polas seguintes regras:

7.1: O Rexistro materializarase nun libro-Rexistro municipal, constituído por follas numeradas e seladas, legalizado coa sinatura da Secretaría e de Alcaldía. O comenzo e ó fin do mesmo estenderanse as respectivas dilixencias de apertura e de peche.

7.2: O Libro Rexistro municipal non ten carácter público, expedíndose certificacións dos seus asentos exclusivamente a instancia de calquera dos solicitantes (pais ou titores), dos inscritos unha vez acadada a súa maioría de idade ou dos xuíces ou tribunais de Xustiza.

7.3: Nos asentos correspondentes incluíranse os seguintes datos:

- a) N° de inscrición.
- b) Lugar e data de celebración da cerimonia.
- c) Respecto do menor acollido: nome, apelidos, enderezo e data de nacemento.
- d) Respecto dos pais ou titores: nome, apelidos, enderezo e DNI.
- e) Respecto dos padriños: nome, apelidos, enderezo e DNI.
- f) Lugar e data da inscrición.

**Disposición adicional.**

Os acollementos civís celebrados en Fene con anterioridade á entrada en vigor do presente regulamento, sempre que cumpriran os requisitos e procedementos aquí indicados e consten debidamente documentados conforme ás garantías establecidas no mesmo, serán anotados no libro-rexistro regulado no artigo 7 segundo a súa orde de antigüidade.

**Disposición derradeira.**

Esta normativa entrará en vigor unha vez publicado o seu texto completo no Boletín Oficial da Provincia, e transcorrido o prazo sinalado no artigo 65.2 en relación co 70.2 ámbolos dous da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

**Anexo I. Modelo de solicitude.****MODELO DE SOLICITUDE DE CELEBRACIÓN DE ACOLLEMENTO CIVIL**

Don ....., con DNI nº ..... e enderezo en .....  
 .....; edona .....  
 con DNI nº ..... e enderezo en ....., na súa calidade de representantes legais de ..... con DNI nº ..... nacido o ..... e con enderezo en .....

**EXPOÑEN:**

1.- Que como pais/ titores do menor ....., desexan celebrar o acto de acollemento civil do anterior.

2.- Que reúnen todos os requisitos esixidos no Regulamento municipal para a organización e celebración de acollementos civís no Concello de Fene, o que acreditan coa entrega da seguinte documentación:

Fotocopia dos documentos nacionais de identidade e libro de familia/documento acreditativo da representación legal.

En base ó anterior **SOLICITAN:**

Que se oficie o acto de acollemento civil solicitado.

Indicar día de preferencia da cerimonia .....

Fene, a ..... de ..... do 20.....

O/A SR/A ALCALDE/SA PRESIDENTE/A DO CONCELLO DE FENE

Fene, 25 de xuño de 2013

O alcalde, Gumersindo Pedro Galego Feal